


# PIONEIROS DA FOTOGRAFÍA GALEGA



EDLG IES Nº1 ORDES

EDLG IES SAN CLEMENTE



# IRMÁNS SARABIA


Os irmáns Sarabia proceden da bisbarra de Trives e a súa relación coa fotografía vén dada polo seu cuñado Xosé Gil (persoa que realizou unha grande e variada actividade: fotógrafo na cidade de Vigo no ano 1905, formou parte da redacción de *Vida Gallega* no momento da súa fundación en 1909 e foi un dos pioneiros do cine galego cunha importante actividade).

Á volta de Cuba, Xosé Sarabia, nado en 1870, traballa en Vigo no estudio de Xosé Gil até a súa morte no ano 1907. Constantino, nado no ano 1875 e supervivente da Guerra de Cuba, avenciñouse en Vigo no ano 1907. O seu inicio na fotografía será tamén a través de Gil, establecéndose no ano 1909 na rúa Elduayen 30, onde traballan e viven el e o seu irmán Henrique, nado en 1881.


As primeiras referencias de fotografía publicadas polos irmáns Sarabia aparecen en *Vida Gallega* en 1910, colaborando con esta revista até que desaparece en 1938. Temos a través desas imaxes documentos das primeiras saídas do tranvía eléctrico en Vigo en 1914 e da expectación que isto provocou; da chegada ao Berbés da frota pesqueira; de espazos hoxe moi distintos, como o camiño de Romil atravesado por un coche de cabalos; de actos sociais: a festa da flor, banquetes no pazo da Pastora ou a romaría de San Roque, reproducida nunha portada en 1912.








# IRMÁNS SARABIA





# PACHECO

Tras os Montes, 1878 –Vigo, 1954


Jaime de Sousa Guedes Pacheco iniciouse na fotografía co seu irmán Xosé Pacheco en Ourense e formou unha sociedade cinematográfica con Xosé Gil en 1899, con quen realizou exhibicións en Celanova, Verín, Braga, Porto e Lisboa. En 1907 asociouse en Vigo co estudio fotográfico de Cándida Otero, viúva de Filippo Prospero. Co falecemento desta en 1915, a galería *Viuda de Prospero-Pacheco* pasou a ser propiedade exclusiva de Jaime. Foi colaborador gráfico de *Faro de Vigo*, *ABC*, *Blanco y Negro*, *Vida Gallega* e, principalmente, de *El Pueblo Gallego*. Especializouse en retratos de estudio de xente anónima e de persoeiros. O seu traballo caracterizouse polo emprego da fotografía como memoria social, especialmente da cidade de Vigo.

Colaborou na ilustración de obras como *Catálogo de Vigo* (1922) e *Vigo en 1927* (1928), editadas por José Cao Moure. Logo do seu falecemento, os seus fillos Alberte e Xaime continuaron co mesmo labor no estudo fotográfico.



Jaime de Sousa Guedes Pacheco





# PACHECO




O Berbés



Recollendo ameixas no Areal, anos 20





# KSADO

Ávila, 1888 – Compostela, 1972


**Luís Casado Fernández, coñecido co nome artístico Ksado, criouse en Ourense, a onde foi vivir con seis anos. Con dez anos de idade comeza a súa andaina no oficio, ao entrar coma aprendiz no estudio de Xosé Pacheco, ata que no ano 1915 se establece pola súa conta, abrindo o seu propio estudio no número 23 da compostelá Rúa do Vilar. Investiga e mellora a súa técnica fotográfica, creando en 1917 un novo procedemento fotográfico, e realiza unha viaxe a París en 1919 para adquirir novo material. Cando no 1922 expande o negocio a Vigo, abrindo o seu estudio na Rúa de Urzaiz, será a súa irmá Carmiña a que quede a cargo do estudio de Santiago.**

**Despois do 1936, coma consecuencia do golpe de estado, interrómpease a súa actividade editorial. Ao ano seguinte pecha o seu estudio en Vigo e volta a Compostela, e abandona a impronta artística dos seus traballos previos, para centrarse nos labores habituais dun estudio fotográfico.**



Luís Casado Fernández (Ksado)





# KSADO



Vista de Ourense, desde O Salto do Can (Luis Ksado, 1932)



A picariña, 1920




Honorino Méndez



O Pórtico da Gloria



A naiciña




# JOSÉ M<sup>a</sup> MASSÓ

(1899-1981)

Propietario xunto co seu irmán Gaspar da firma *Hermanos Massó*, foi un afeccionado á fotografía que tirou fotografías de forma constante ao longo da súa vida. Durante a década dos vinte realiza gran número de fotografías de grande interese. A través da fotografía dá conta das súas viaxes por Europa, dos acontecementos familiares, realiza retratos de amigos e parentes e, sobre todo, fotografía as actividades lúdicas que organizaban, as excursións de caza, as viaxes en piragua, a praia... Estas fotos son particularmente interesantes desde un punto de vista fotográfico e amosan interesantes aspectos da sociedade dos anos vinte que nos traen ao recordo as imaxes da *Belle époque* doutros países, como as que realizou Jaques-Henri Lartigue.







# JOSÉ SUÁREZ

Allariz, 1902 – A Guarda, 1974


A súa obra pode relacionarse coa fotografía humanista, co ser humano e o seu contorno como tema central a través da súa visión persoal. Aos 19 anos, mentres estudaba Dereito en Salamanca, comezou a colaborar na revista *Vida Gallega*. Por entón tamén realizou curtametraxes cinematográficas. En 1932 publicou o libro *50 fotos de Salamanca*, con prólogo de Miguel de Unamuno. Fixo reportaxes sobre actividades profesionais, como oleiros, telleiros, segadores, mariñeiros e romeiros. En 1935 comezou a rodar o documental *Mariñeiros* na Comarca do Morrazo, pero non chegou a rematalo por mor da guerra civil española. A finais de 1936 emigrou a Buenos Aires. Comezou a traballar como fotoxornalista no diario arxentino *La Prensa*. En 1950 trasladouse a Punta del Este (Uruguai), e tres anos máis tarde marchou a Xapón como correspondente dos xornais *La Prensa* e *El Día*. Xapón tivo unha grande influencia na súa vida, e tras o seu regreso a América en 1956 deu a coñecer o teatro *Nō* a través de conferencias, traducións e a exposición *Vislumbre de Japón*. Colaborou coa revista *Life* e con *US Camera*.



José Suárez con Akira Kurosawa (1960)

En 1959 marchou a España, mais atopou dificultades para dar a coñecer o seu traballo. En 1965 publicou un libro sobre *La Mancha* baseado nunha serie fotográfica en branco e negro que foi moi valorada. En 1966 publicou no Reino Unido un libro sobre a tauromaquia titulado *The Life and Death of the Fighting Bull*.


En 1982 publicouse o libro póstumo *Galicia: terra, mar e xentes*, con 161 fotografías.



# JOSÉ SUÁREZ







# RAMÓN CAAMAÑO

Muxía 1908-2007

Cando ten dezaseis anos merca a súa primeira máquina fotográfica. Era unha máquina de caixa que tiraba as fotos sen enfocar.

A partir do ano 1925 comeza a fotografar o mundo máis próximo: mariñeiros, campesiños, paisaxes, solpores, romarías etcétera. Dous anos máis tarde, 1927, compra unha máquina *Pathe Baby* para proxectar cine, e comeza a distribuír filmes pola Costa da Morte. Marcha a Santiago de Compostela nos invernos dos anos 29, 30 e 31, onde traballará co fotógrafo Ksado, de quen aprenderá entre outras cousas a técnica de colorear fotos con ácidos.

No ano 1932 múdase para Cee, onde monta un estudio e comeza a traballar facendo retratos. En 1938 é mobilizado co motivo da Guerra Civil e destinado á fronte de Aragón, onde leva canda si a cámara *West Pocket*. As súas fotos de guerra poden cualificarse como o primeiro exemplo de fotoxornalismo galego.

Á volta da contenda segue co estudio en Cee, pero a súa actividade esténdese a toda a comarca, principalmente ás vilas de Corcubiión e Muxía. Retirouse da vida profesional e da fotografía en 1975. Tiña un pequeno museo persoal na súa casa, mantido ata o seu falecemento..




© Ramón Caamaño

Ramón Caamaño



Neno difunto



# RAMÓN CAAMAÑO



Retrato




Familiares rodeando ao defunto



O día da matanza (Tourrián, 1928)







# MANUEL FERROL

Cabo Vilán (Camariñas), 1923 – A Coruña, 2003

**Comeza a dedicarse profesionalmente á fotografía no ano 1950. Entre 1950 e 1953 monta un estudio en Betanzos e entre 1953 e 1955 traballa como retratista en Ferrol. Neses anos comeza a recibir os seus primeiros recoñecementos públicos, así recibe no 1953 o premio da Asociación de Artistas da Coruña e tamén é contratado pola Mariña de guerra estadounidense para documentar a súa visita a Ferrol. En 1955 instálase na Coruña e comeza a traballar combinando a profesión de retratista coa de reporteiro gráfico para distintas publicacións.**

**No ano 1957 recibe un encargo da Comisión Católica de Emigración para realizar un traballo sobre o embarco de emigrantes no porto da Coruña. Nese contexto realiza o que sería o seu traballo máis coñecido nacional e internacionalmente. O día 27 de novembro de 1957, no embarque ao buque "Juan de Garay", Manuel Ferrol capta a imaxe dun pai co seu fillo (os fisterráns Xan e Xurxo Calo) chorando no porto. A fotografía representaría durante décadas os anos máis duros da emigración galega do século XX, chegando a converterse nunha especie de icona. Axudado pola relevancia e a sona deste traballo poderá estudar fotografía na Hamburger Photo Schule, feito que lle valerá ser contratado en 1958 como correspondente de Televisión Española na Galiza.**








# MANUEL FERROL

En 1961 realiza outra reportaxe de sona, esta vez sobre a liberación do buque "Santa María", secuestrado polo Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación


En 1965 gaña a oposición para ser correspondente do No-Do, traballo no que desenvolveu multitude de monográficos sobre diversos temas galegos. Nese traballo tamén tivo o encargo de cubrir as vacacións de verán de Franco, razón pola que se converteu nunha das poucas persoas cunha relación de proximidade no contorno familiar do ditador.

Durante os anos setenta participou nun proxecto cinematográfico sobre Castelao.

Nos anos seguintes, Manuel Ferrol, colaborou en numerosas exposicións internacionais ao lado dos fotógrafos máis importantes do século, sen deixar de traballar até o seu falecemento, en marzo de 2003.








# VIRXILIO VIÉITEZ

Soutelo de Montes (Forcarei), 1930 - 2008


O seu primeiro emprego foi na construción aos dezaseis anos. Despois emigrou aos Pireneos, onde traballou coma mecánico nun teleférico e adquiriu a súa primeira cámara. Emigrado a Cataluña, en Palamós coñeceu a Julio Pallí, de quen aprendeu o oficio da fotografía.

A continuación traballou como fotógrafo na Costa Brava, facendo retratos de turistas. No 1955 volveu a Galiza e pouco despois abriu un estudio fotográfico na súa vila natal. Deste modo tivo a oportunidade de retratar a moitas xeracións de veciños da Terra de Montes de forma case anónima. As súas fotografías son retratos de persoas e grupos en eventos sociais como comuñóns, velorios ou bautizos, pero tamén actividades cotiás. En relación á súa técnica, a maioría das súas fotos son en branco e negro, pero na década dos setenta fixo algunhas en cor.

Deixou a actividade fotográfica nos anos oitenta, pero na década dos noventa o seu traballo foi revalorizado, expoñendo na VIII edición da Fotobienal de Vigo en 1998, no MARCO, na Sala de Exposicións Caixanova de Vigo, na exposición "*150 anos de Fotografía en España*" (que estivo na Coruña e en Ourense), ou na mostra *Al gusto de Cartier-Bresson* en Barcelona, Ámsterdan e Nova York.



Virxilio Viéitez



# VIRXILIO VIÉITEZ







Xaneiro, 2016

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

IES nº 1 de Ordes

IES San Clemente, Compostela

Fontes:

[gl.wikipedia.org](http://gl.wikipedia.org)

[manuelsendon.wordpress.com](http://manuelsendon.wordpress.com)